

A XUNTA E A GARDA CIVIL ASINARÁN UN CONVENIO PARA A INTEGRACIÓN DOS SEUS EFECTIVOS NO CENTRO DE ATENCIÓN ÁS EMERXENCIAS

- *Trátase do primeiro corpo de seguridade que se integra no 112 conforme o obxectivo marcado coa posta en funcionamento do novo centro*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe este convenio de colaboración, que terá unha vixencia de catro anos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre o Ministerio de Interior e a Xunta para incorporar efectivos da Garda Civil ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE 112) da Estrada. O obxectivo desta iniciativa é garantir unha resposta rápida á cidadanía, grazas a unha activación coordinada e eficaz dos distintos servizos públicos de emerxencia.

O persoal da Garda Civil que se inclúe no convenio para prestar este servizo ascende a un total de nove efectivos: un capitán/tenente, un suboficial e sete cabos ou gardas. O CIAE porá á disposición dos axentes as instalacións, equipamentos e un uso prefixado da plataforma informática para que poidan colaborar, desde as súas competencias, na xestión das emerxencias.

Deste xeito, no propio centro haberá diariamente persoal deste corpo -o máis numeroso de Galicia- que recibirá directamente a información da emerxencia na que deberán intervir. Os seus responsables encargaranse de realizar as mobilizacións correspondente á Garda Civil, e de reportar a información necesaria sobre a resolución da situación para que todos os que interveñan dispoñan da mesma.

A integración, polo tanto, comporta vantaxes tanto para a Garda Civil, que pasará a ter información máis detallada e áxil da emerxencia, o que lle permitirá actuar de xeito máis eficaz; como para o 112, que pasa a contar persoal de enlace da Garda Civil na propio centro e con mellor información de retorno. Todo isto redundará nunha actuación máis coordinada e eficaz ao servizo da cidadanía

Así, coa autorización deste convenio, dáse un importante e primeiro paso cara á integración dos distintos servizos de emerxencias e das forzas e corpos de seguridade no CIAE 112, o que suporá un grande avance na xestión das emerxencias en Galicia e un exemplo da necesaria colaboración entre administracións.

Esta integración é, de feito, un dos principais obxectivos e retos das novas instalacións. A partir de agora, está prevista a integración paulatina doutros servizos como bombeiros, Policía Nacional, Policía Autonómica ou GES.